




O tramo do Rally Mix é secreto para os pilotos ata última hora. Este documento que che facilitamos inclúe os mellores accesos ó tramo, pero sen especificar nin o sentido, nin o percorrido do mesmo.

Calquera mapa que vexas publicado sen o selo oficial, nin se corresponde coa realidade, nin é responsabilidade da escudaría.

Puntos de Acceso a tramo:

Os puntos de acceso están ordeados alfabéticamente e teñen que lerse en sentido horario partindo do centro da vila de Cuntis. Todos os accesos a tramo estarán debidamente sinalizados con frechas de madeira como a do mapa.



Acceso A: Latitude: 42.637424 Lonxitude: -8.562416

Recomendado pola escudería. Disporá de 1 **PARKING GRATUÍTO** de gran capacidade que estará debidamente sinalizado. Entrando por este punto A, disfrutaremos do **Pódium de saída** e do **Parque de Traballo** ubicados na **Rúa Olimpio Arca**.




Desde Santiago: mediante xiro á dereita no km 215,83 entraremos na “Rúa da Presiña” e chegaremos ó centro do Rallymix en tan só 2 min. Para acceder ó aparcamento Gratuíto, en lugar de xirar cara a Rúa da Presiña, avanzaremos pola N-640 ata chegar ós semáforos. Nos semáforos colleremos a man esquerda e dirección Rúa a Palma e atoparemos o aparcamento gratuíto a carón do Cpi Don Aurelio.

Desde Caldas de Reis: Chegados a Cuntis, no cruce dos semáforos, xiraremos á dereita cara a Rúa da Palma e atoparemos o aparcamento gratuíto a carón do Cpi Don Aurelio. Tan só teremos que seguir a pé polas aceras da N-640 ata a rúa Castelao.

Ó final desta rúa xiraremos á dereita e xa veremos o centro do Rallymix.




Acceso B: Latitude: 42.637308 Lonxitude: -8.588591



Pola N-640 desde Caldas de Reis: accederemos ó polígono industrial de “A Ran” xirando á esquerda no km 217,67.

Sen desviarnos, continuaremos polo vial do polígono ata chegar ó cruce coa PO-220 no km7. Nese cruce, seguiremos de fronte dirección “O Noval”. Atoparémonos co tramo a 300m. Seguindo pola PO-220 chegaremos tamén ó acceso C.

Acceso C: Latitude: 42.639642 Lonxitude: -8.593283



Desde Padrón: pola N-550 no km 90,82 xirando á esquerda accederemos á PO-220.


Ó chegar ó km 6,22 dirección Cuntis, atoparemos cruce a man esquerda dirección a "Bragaña" e "Vilariño". Se continuamos dirección Vilariño, ós 300m atoparemos o tramo.

Se continuamos dirección a "Bragaña" e unha vez pasado este lugar seguiremos ata a "Toxeira" e "San Mamede de Piñeiros", donde teremos varios accesos sinalizados. Este acceso C comunicase co acceso D.




Acceso D: Latitude: 42.664876 Lonxitude: -8.559229

Desde Santiago / A Estrada pola N-640 chegaremos á "Capela de San Ramón da Anllada" no Km 213,16. No cruce e mediante xiro á dereita incorporámonos á EP-8404 dirección Piñeiros. Percorridos 1,1km atoparemos os primeiros accesos. Seguindo por esta vía, chegaremos á "Igrexa de San Mamede", donde nos atoparemos cunha das mellores vistas do tramo e varios accesos, todos sinalizados. Este acceso D, comunicase co C.



Acceso E: Latitude: 42.652726 Lonxitude: -8.558908



Desde Santiago / A Estrada: pola N-640 e deixando atrás o acceso D chegaremos ó Km 214,27 donde mediante xiro á dereita dirección "Guimarei" daremos co Acceso E.

A 300m encontraremos o tramo sinalizado con estacas de madeira.



PROGRAMA

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
11/01/2017	10:00	Apertura de inscricións.	Escudería Cuntis Vila Termal Tel. 647931725 www.fga.es https://goo.gl/forms/LvzDXUfDCUruOmIqJ
08/03/2017	20:00	Peche de inscricións	
09/03/2017	18:00	Publicación lista de inscritos	
Sábado 11/03/2017	08:00	Apertura parque pechado/traballo	Ao caron Centro Medico Cuntis
	De 08:30 a 11:00	Verificacións Administrativas: Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	Oficinas do Hotel Balneario Virgen
	De 08:30 a 11:30	Verificacións Técnicas: Calle A: Carcross Calle B: Atmosféricos Calle C: Turbos	Oficinas do Omix Cuntis - Parque Traballo
	De 09:00 a 11:00	O recoñecemento libre só se autorizará o sábado pola mañá, de 9 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.	3 PASADAS MÁXIMO POR PARTICIPANTE
	11:45	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída.	
	12:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma - la saída	Autobús FGA e Oficinas Omix
	12:30	Saída 1º participante 1ª pasada	Treito
	A Continuación	Saída 1º participante 2ª pasada	
20:30	Hora Límite entrada Parque Pechado	Praza da Constitución	
Domingo 12/03/2017	08:00	Apertura Parque Pechado	Treito
	09:00	Saída 1º participante 3ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 4ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 5ª pasada	
	16:00	Publicación de resultados	Autobús FGA e Oficina Omix
16:30	Entrega de premios e trofeos	Praza de Ferrol ou OMIX(Se Chove)	

INFORMACIÓN DE SEGURIDADE:

LEE ATENTAMENTE, VISUALIZA O VIDEO E SIGUE EN TODO MOMENTO AS INDICACIÓNS DO EQUIPO DE SEGURIDADE.

Fagamos do I RallyMix unha Festa do motor.



TÓDALAS CINTAS VERMELLAS:

PROHIBIDO SITUARSE DIANTE E DETRÁS DAS MESMAS

CINTA VERMELLA ZIG-ZAG:

PROHIBIDO SITUARSE NA ZONA DELIMITADA POLA CINTA

CINTA AMARELA: ZONA PÚBLICO

CINTA VERDE: ZONA SOLO PRENSA ACREDITADA



RECOMENDAMOS A VISUALIZACIÓN DESTE VIDEO